



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita, relativa á conculcación do Decreto 124/2007, por parte da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, na autodenominada “consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino”.

O artigo 2 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, en pleno vigor –mal que lle pese ao titular da Consellaría de Educación- e, daquela, de obrigado cumprimento, establece literalmente:

“A Administración educativa de Galiza, os centros de ensino dependentes dela e o persoal ao seu servizo utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso oral e escrito tanto nas súas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galiza, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”.

Aínda así, como é coñecido, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, está a enviar aos centros de ensino textos de “consulta” duplos, por tanto, non en galego, en colisión co que determina a normativa vixente. Do mesmo xeito, anuncios pagos en xornais pola mesma Consellaría utilizan esta opción que, ademais de antieconómica, é contraria á normalización de linguas minorizadas, ao



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

converter o galego, na práctica, nun apéndice prescindíbel, tendo en conta ademais que falamos de idiomas próximos e comprensíbeis, e cunha poboación (neste caso pais e nais) de xeito inmensamente maioritario alfabetizada en español. Con todo, a Consellaría de Educación persiste, de xeito obsesivo, en introducir por esta vía a construción da grande mentira (“bilingüismo harmónico”), cando en realidade o que se está a impulsar é un proceso de auténtica substitución lingüística co que se pretende a pura eliminación da lingua galega na Galiza.


Contraría ademais, esta práctica, o carácter progresivo establecido nos preceptos estatutarios e lexislativos en relación co proceso normalizador do idioma galego.

Esas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Por que razón se vulnera o establecido no Decreto 124/2007, no tocante á comunicación en galego da Consellaría de Educación?

2.^a) Non coñece os efectos do punto de vista sociolingüístico, e mesmo psicosocial, que esta práctica provoca nunha poboación escolarizada e alfabetizada na súa grande maioría exclusivamente en español?

3.^a) É precisamente por esa razón –o combate á lingua galega- polo que modificaron a actuación histórica, neste ámbito, da Consellaría de Educación ao longo dos sucesivos gobernos autonómicos?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 12:23
Nº Rexistro: 02826
Data envío: 16/06/2009 12:23:30.217

4.^a) Ten previsto modificar esta práctica lingüística no futuro?

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 16/06/2009 12:22:59

María do Carme Adán Villamarín na data 16/06/2009 12:23:06